

MANUELA BARREIRO PICO

As mulleres débense se adicar ás tarefas do fogar, qué tontería teñen agora con estudar? Se o seu avó é un importante pedagogo galego, que lle sirva o café e se seu pai é mestre, que lle planche as camisas! As mulleres que estudan o único que conseguen é perder o tempo, o mellor que poden facer é buscar un bó marido que coidar e ter fillos.

A mín gustábame a farmacia e aínda que tiven que pedir permiso ó ministerio, porque as cousas non che eran como aghora (*dirixíndose ó publico*)... Consegúin entrar na universidade(*Vou lendo os nomes dos diferentes medicamentos do meu libro*). *Unha muller estudando, nunca tal se viu. Que andas a facer, non ves que iso de estudar é cousa de homes?* Primeira muller licenciado na U.S.C! Licenciado, si, porque daquelas só se licenciaban os homes... Eu quería abrir a miña propia farmacia... *E non che sería mellor casar cun farmacéutico? Mira que se che pasa o arroz, eh!* Abrín a miña farmacia e chameina *Farmacia Moderna*. Definitivamente encontrara a miña paixón, un pouco disto por aquí, un pouco daquelo.... *Estarías moito mellor facendo mezclas na cociña. Por que non deixas os xarabes e te fas unha muller decente?* Sinto moito o de teu cuñado... *Agora terás que votarlle unha man á túa irmá, non? Pobriña de túa irmá, sen marido e con tres fillos ó seu cargo...* Se o fixen non foi por estes, se non pola miña irmá Emilia. Emilia e mais eu queriamonos moito e eu sentín o deber de axudala a criar de meus sobriños, os pobres quedaran sen pai. Entre as dúas sacámolos adiante e ben ghuapiños que saliron. Calaron? Xa non os sinto!